

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 14 DE MARZO DE 2024

SEÑORES/AS ASISTENTES:

ALCALDE:

Don José Luís Camiñas Vázquez

CONCELLEIROS/AS:

Don Alberte Lamazares Casero

Dona Begoña Vázquez López

Dona Patricia Hermida Deza

SECRETARIO:

Don José María Novo Ramos

Na Casa do Concello de Rodeiro, a catorce de marzo de dous mil vinte e catro, reunidos en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que á marxe se citan, baixo a presidencia do Sr. alcalde-presidente Don José Luís Camiñas Vázquez, asistido do secretario da Corporación que subscribe, tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local, ao efecto

convocada, e sendo as once horas trinta minutos deuse inicio á mesma, pasándose ao estudo dos asuntos incluídos na Orde do Día, e adoptándose os seguintes ACORDOS:

1.- ACTA ANTERIOR

Dada conta do borrador da acta da sesión ordinaria do día 12 de marzo de 2024, foi aprobado por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as presentes.

2.- APROBACIÓN DE PROXECTO TÉCNICO DE OBRA

Consta nas dependencias municipais o seguinte proxecto técnico redactado por orde da Alcaldía:

Proxecto técnico da obra de "MELLORA ENERXÉTICA DE INFRAESTRUTURA DESTINADA A FINES EDUCATIVOS", redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, con data febreiro de 2024, cun

importe global de SESENTA MIL EUROS CON DOUS CÉNTIMOS (60.000,02 €), IVE incluído, desagregado nos seguintes conceptos:

✓ Execución por contrata:	53.950,02 €
✓ Honorarios de proxecto:	6.050,00 €

Considerando que o proxecto citado atópase debidamente redactado e que dispón do informe favorable, emitido polo arquitecto técnico municipal Don Gerardo Abeledo Iglesias con data 12/03/24, respecto do cumprimento da lexislación urbanística e sectorial, así como do planeamento en vigor, aos efectos do establecido no artigo 147.2 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), e de conformidade co disposto no artigo 231.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP), a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, acorda aprobar o proxecto técnico anteriormente especificado, condicionado á obtención das autorizacións sectoriais pertinentes segundo o informado polo técnico municipal.

3.- SOLICITUDE Á VICEPRESIDENCIA PRIMEIRA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES DE ASIGNACIÓN CON CARGO AO FONDO ADICIONAL DO FONDO DE COOPERACIÓN LOCAL

Dáse conta aos/ás Sres./as. concelleiros/as asistentes da Orde do 7 de febreiro de 2024 da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes pola que se establecen os criterios e o procedemento para a distribución do fondo adicional ao Fondo de Cooperación Local destinado aos concellos de Galicia con poboación inferior a 15.000 habitantes, previsto no artigo 59.catro da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2024 (DOG núm. 32, do 14/02/24).

Debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Solicitar á Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes a asignación da cantidade de SESENTA MIL

EUROS (60.000,00 €) para a execución do investimento denominado “*MELLORA ENERXÉTICA DE INFRAESTRUTURA DESTINADA A FINES EDUCATIVOS*”, de conformidade co proxecto técnico redactado polo arquitecto Don Alberto Blanco Rodríguez, aprobado no anterior punto da Orde do Día.

Segundo.- Aceptar expresamente as condicións de financiamento e os demais requisitos establecidos na Orde da convocatoria.

Terceiro.- Facultar expresamente ao Sr. alcalde para que, na representación do Concello, asine a correspondente solicitude e cantos outros documentos resulten necesarios para a efectividade do acordado.

4.- CONTRATACIÓN DE TRES (3) TRABALLADORES AO ABEIRO DO PLAN +PROVINCIA PARA A ACTIVACIÓN DO EMPREGO 2024 (LIÑA 3)

O Sr. alcalde informa aos/ás Sres./as. concelleiros/as presentes que, de conformidade co acordado pola Xunta de Goberno Local, na sesión celebrada o día 21 de febreiro do corrente, procedeuse á realización do proceso selectivo para a contratación de tres postos de traballo subvencionados ao abeiro do Plan +Provincia para a activación do emprego 2024.

De conformidade coas bases e baremo aprobados, o Concello procedeu a realizar oferta xenérica ante o Servizo Público de Emprego (SPE) para a preselección dos/as candidatos/as aos postos de traballo ofertados, correspondente ao perfil profesional de peón/a de obras públicas (RS núm. 175, do 26/02/24). En resposta á oferta presentada, a Oficina de Emprego de Lalín enviou ao Concello os/as seguintes candidatos/as:

Peón/a de obras públicas (oferta núm. ██████████)

- Andrada Larrosa, Carlos Alberto
- Arias Fernández, Daniel
- Carral Viana, Jesús
- Carreira Varela, Laura
- Fafián Diéguez, Mónica
- Fernández Álvarez, Lourdes

- Fernández Fernández, José
- Fernández Cidre, Carlos
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria
- Graine, Mohammed
- Jorge Bernárdez, José
- Ledo Lamas, Luís
- Martínez Estévez, Mercedes
- Míguez Salina, José David
- Sadoviak Diéguez, Carlos Gabriel
- Sobrado Sánchez, María Jesús
- Sousa García, Cándida
- Toubes Pereira, Daniel
- Vázquez Senra, Iván

De conformidade co establecido nas bases aprobadas, concedeuse aos/ás candidatos/as preseleccionados/as un prazo de cinco días naturais para presentar a documentación acreditativa dos requisitos, así como dos méritos a valorar no baremo. Durante dito prazo, presentaron a documentación os/as seguintes candidatos/as:

- Sousa García, Cándida (RE núm. 273, do 06/03/24)
- Fernández Álvarez, Lourdes (RE núm. 277 e 279, do 07/03/24)
- Toubes Pereira, Daniel (RE núm. 280 e 313, do 07/03/24 e 11/03/24)
- Arias Fernández, Daniel (RE núm. 281, do 07/03/24)
- Fernández Fernández, José (RE núm. 282, do 07/03/24)
- Ledo Lamas, Luís (RE núm. 285, do 07/03/24)
- Míguez Salina, José David (RE núm. 286, do 07/03/24)
- Jorge Bernárdez, José (RE núm. 292, do 08/03/24)
- Ferreiro Sanmartín, María Victoria (RE núm. 297, do 08/03/24)
- Andrada Larrosa, Carlos Alberto (RE núm. 300, do 08/03/24)
- Sadoviak Diéguez, Carlos Gabriel (RE núm. 302, do 11/03/24)
- Fafián Diéguez Mónica (RE núm. 305, do 11/03/24)
- Carral Viana, Jesús (RE núm. 310, do 11/03/24)

Por Resolución da Alcaldía de data 12/03/24 todos/as os/as presentados foron admitidos/as ao proceso selectivo.

O proceso selectivo desenvolveuse entre os días 12 e 14 de marzo do corrente, ambos inclusive, co seguinte resultado final:

CANDIDATO/A	PROBA PRÁCTICA	FASE CONCURSO	PUNTUACIÓN TOTAL
ANDRADA LARROSA, CARLOS ALBERTO	6,00	1,40	7,40
ARIAS FERNÁNDEZ, DANIEL	7,33	2,80	10,13
CARRAL VIANA, JESÚS	5,66	1,20	6,86
CARREIRA VARELA, LAURA	0,00	1,15	1,15
FAFIÁN DIÉGUEZ, MÓNICA	5,00	0,60	5,60
FERNÁNDEZ ÁLVAREZ, LOURDES	3,00	1,00	4,00
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JOSÉ	4,00	1,60	5,60
FERREIRO SANMARTÍN. MARÍA VICTORIA	9,66	2,80	12,46
JORGE BERNÁRDEZ, JOSÉ	11,00	1,50	12,50
LEDO LAMAS, LUÍS	11,00	2,40	13,40
MÍGUEZ SALINA, JOSÉ DAVID	4,00	0,30	4,30
SADOVIK DIÉGUEZ, CARLOS GABRIEL	3,33	0,30	3,63
SOUSA GARCÍA, CÁNDIDA	5,00	3,50	8,50
TOUBES PEREIRA, DANIEL	6,33	4,20	10,53

O Tribunal cualificador efectúa proposta de contratación a favor dos/as seguintes tres candidatos/as que obtiveron a maior puntuación no proceso selectivo: Luís Ledo Lamas, José Jorge Bernárdez e María Victoria Ferreiro Sanmartín.

Visto o actuado, de conformidade coa proposta efectuada polo Tribunal cualificador e debidamente informados de canto antecede, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos/as Sres./as. concelleiros/as asistentes, adopta o seguinte ACORDO:

Primeiro.- Autorizar a contratación laboral temporal, modalidade de contrato de traballo para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral a tempo parcial (25 horas/semana), por un período de nove meses e catorce días, dos/as traballadores/as que deseguido se sinalan:

Peón/a de obras públicas

NOME E APELIDOS	DNI
LUÍS LEDO LAMAS	██████████
JOSÉ JORGE BERNÁRDEZ	██████████
MARÍA VICTORIA FERREIRO SANMARTÍN	██████████

RESERVAS:

DANIEL TOUBES PEREIRA
DANIEL ARIAS FERNÁNDEZ
CÁNDIDA SOUSA GARCÍA
CARLOS ALBERTO ANDRADA LARROSA
JESÚS CARRAL VIANA
MÓNICA FAFIÁN DIÉGUEZ
JOSÉ FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ
JOSÉ DAVID MÍGUEZ SALINA
LOURDES FERNÁNDEZ ÁLVAREZ
CARLOS GABRIEL SADOVIK DIÉGUEZ
LAURA CARREIRA VARELA

Segundo.- Facultar ao Sr. alcalde para que asine cantos documentos sexan necesarios para a efectividade deste acordo.

5.- ORGANIZACIÓN DA ACTIVIDADE “CONCILIA SEMANA SANTA 2024” DENTRO DO PROGRAMA CONCILIA RODEIRO

A Concellería-Delegada de Infancia, Igualdade e Transformación Dixital do Concello vai programar unha actividade denominada “*Concilia Semana Santa 2024*”, que se desenvolverá os días 25, 26 e 27 de marzo, e 1 de abril do corrente. Dita actividade ten como principal obxectivo ofertar un recurso de conciliación dos tempos persoais, familiares e laborais para proxenitores con fillos e fillas con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos de idade durante o período non lectivo de Semana Santa. O programa Concilia Rodeiro está validado pola Secretaría Xeral de Igualdade como unha medida municipal de conciliación a nivel autonómico.

As principais características da actividade a programar serán as seguintes:

- ✓ A actividade desenvolverase entre os días 25 e 27 de marzo de 2024, ambos inclusive, e o día 1 de abril de 2024.
- ✓ A actividade diríxese a nenos/as e rapaces/as empadroados/as no Concello de Rodeiro e con idades comprendidas entre os 3 e os 16 anos, ambas inclusive.
- ✓ A programación desenvolverase en horario habitual de 09:00 h. a 14:00 h. nunha aula do CPI de Rodeiro.
- ✓ A inscrición na actividade realizarase mediante a presentación de solicitude e documentación complementaria no rexistro xeral do concello. Realizarase unha solicitude por cada menor que solicita praza na actividade, indicando as datas nas que acudirá. Os/as menores xa inscritos/as anteriormente no programa Concilia só terán que aportar a documentación complementaria que non conste no seu expediente.
- ✓ O prazo de solicitude de participación na actividade Concilia Semana Santa 2024 establécese entre os días 18 e 22 de marzo de 2024 (ambos inclusive). Fóra dese prazo, de quedar prazas libres, poderanse inscribir ata completar as prazas existentes.
- ✓ Fíxase un máximo de 20 prazas por cada día de actividade.
- ✓ De existir máis solicitudes que prazas ofertadas terán prioridade en primeiro lugar as familias monoparentais, unidades familiares con vítimas de violencia de xénero e de outras formas de violencia contra a muller, unidades familiares con mulleres maiores de 45 anos, en situación de desemprego de longa duración ou unidades familiares nas que a nai soporte outras cargas familiares a maiores do coidado das crianzas. En segundo lugar terán prioridade as unidades familiares nas que ambos proxenitores traballen, ordenados de menor a maior renda e a continuación o resto de unidades familiares que presenten solicitude ordenados de menor a maior renda.
- ✓ O prezo da actividade establécese en base á Ordenanza en vigor de servizos e actividades educativas. Deberase presentar xustificante do pago da actividade antes do inicio da mesma como requisito para poder acudir ao programa.

6.- SOLICITUDES E INSTANCIAS

- Isabel Vence Calviño

VISTA a instancia presentada por Dona ISABEL VENCE CALVIÑO, con DNI núm. [REDACTED] veciña de Lalín (RE núm. 2067, do 28/12/23), pola que solicita autorización municipal para a instalación dunha canle de saneamento para a canalización de augas pluviais dende a vivenda da súa propiedade sita no lugar de Arcas, parroquia de Guillar, ata a rede pública de sumidoiros do lugar, segundo plano achegado. A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda concederlle, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, autorización municipal para a ocupación do dominio público para os fins solicitados e para usos legalmente permitidos, coas seguintes condicións:

Primeira.- A canle deberá ser colocada a unha profundidade mínima de 80 cm., respectando no seu caso os servizos xa existentes, e coas condicións técnicas e de seguridade establecidas na normativa sectorial de aplicación.

Segunda.- A data de inicio da realización das obras necesarias deberá ser comunicada ao Sr. concelleiro-delegado de servizos básicos, con antelación á mesma.

Terceira.- Unha vez finalizadas as obras, deberá deixar o pavimento nas condicións no que se atopa na actualidade.

Cuarta.- A autorización enténdese concedida “a precario” e o Concello poderá revogala en calquera momento, se o interese público así o esixe, sen dereito algún a indemnización por parte da solicitante. Asemade, a reparación dos eventuais danos que se puideran producir na canle instalada, por mor de obras de acondicionamento das vías públicas afectadas, promovidas polo Concello ou outras Administracións Públicas, serán integramente a costa da solicitante.

E non tendo máis asuntos que tratar, o Sr. alcalde-presidente dá por rematada a sesión, sendo as doce horas, da que como secretario, estendo a presente e certifico.

O secretario,
(*sinatura dixital*)

O alcalde,
(*sinatura dixital*)